

EXPEDIENTE Nº 4/2016 E. L.: "EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO MUNICIPAL, EXISTENTE NO PARQUE PÚBLICO INFANTIL DO ESPÍNEIRO, E PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE TERRAZA ANEXA"

Asunto: Adxudicación do contrato

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Completada a tramitación do procedemento aberto para a contratación do servizo de **"EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO MUNICIPAL, EXISTENTE NO PARQUE PÚBLICO INFANTIL DO ESPÍNEIRO, E PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE TERRAZA ANEXA"**, coa presentación da documentación requirida ao licitador proposto para a adxudicación deste contrato e vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal de data 3 de agosto de 2016, esta Alcaldía **RESOLVE**:

1º) Adxudicar á empresa "KIOSKOS DE GALICIA, S.L", o contrato de "EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO MUNICIPAL, EXISTENTE NO PARQUE PÚBLICO INFANTIL DO ESPÍNEIRO, E PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE TERRAZA ANEXA". A duración do contrato será de **CATRO (4) ANOS**, dende o día seguinte ao da firma do contrato e sen posibilidade de prórroga.



A presente adxudicación será conforme aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polas que se rixe esta contratación, e a oferta presentada polo adxudicatario, que prestará o servizo referido polo prezo de **SETE MIL CINCOCENTOS (7.500,00€/ano) EUROS/ANO (IVE ENGADIDO)**, debendo procederse a formalización de contrato en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, conforme o sinalado na **cláusula 18ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación presentáronse tres plicas, sendo admitidas todas elas:

- **Plica nº UN:** Presentada por Dona Fernanda da Cunha Fernandes. O prezo ofertado é de 4.000,00 euros/ano (sen IVE). Reflictese un alza de 430,00 euros (sen IVE). A puntuación outorgada polo criterio do prezo é de **7,05 puntos**.
- **Plica nº DOS:** Presentada por Don Ramón Sande Miramontes, en representación da mercantil Kioskos de Galicia S.L. O prezo ofertado



é de 7.500,00 euros/ano IVE engadido. Reflicítese un alza de 2.628,35 euros (sen IVE). A puntuación outorgada polo criterio do prezo é de 29,40 puntos. Sin embargo, dado que a puntuación máxima outorgada por este criterio é de 20 puntos, de acordo co disposto no prego administrativo, a puntuación acadada é **de 20,00 puntos**.

- **Plica nº TRES:** Presentada por Don Andrés Martínez Arosa. O prezo ofertado é de 3.800,00 euros/ano (sen IVE). Reflicítese un alza de 230,00 euros (sen IVE). A puntuación outorgada polo criterio do prezo é de **2,57 puntos**.

3º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a cinco de agosto de dous mil dezaseis.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral



Ángel Luis López Pita